

CO₂RUÑA

BOLETÍN DIXITAL DE EDUCACIÓN AMBIENTAL DA ÁREA DE MEDIO AMBIENTE
CONCELLO DA CORUÑA

NÚMERO 2: MARZO-ABRIL DE 2015

PERIODICIDADE: BIMESTRAL

EDITA: ÁREA DE MEDIO AMBIENTE
DO CONCELLO DA CORUÑA



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
MEDIO AMBIENTE





O CONCELLO DA CORUÑA NAS XORANDAS INTERNACIONAIS ECOWAS

O Concello da Coruña participou nas Xornadas internacionais Ecowas, celebradas os días 22 e 23 de xaneiro en Abegondo, dous programas municipais relacionados cos residuos urbanos

Os días 22 e 23 do pasado mes de xaneiro celebrouse no veciño municipio de Abegondo un encontro de distintos representantes e técnicos municipais europeos relacionados coa xestión dos Residuos Urbanos. O grupo de expertos procedentes de Polonia, Italia, Suecia, Bélxica e España, abordaron o intercambio e coñecemento de diferentes iniciativas realizadas en cidades vinculadas por este grupo de traballo.

O Concello da Coruña presentou nestas xornadas dúas iniciativas de éxito na nosa cidade: o programa de educación ambiental para escolares (que conta xa cunha longa traxectoria) e o [Plan Rúa](#) (que ao longo de cada ano visita todos os barrios da cidade co obxectivo de lograr unha cidade máis limpa, ordenada e sostible).

No caso do programa escolar, denominado "[Os Residuos Urbanos na Coruña](#)", mostrouse aos técnicos das administracións invitadas un resumo das accións que se desenvolven cos centros escolares coruñeses e aqueles outros da área de usuarios de Nostián. A través deste programa, aqueles colexios que se apuntan para recibir as actividades educativas gratuítas acceden a dúas actividades na aula e unha terceira na propia planta de residuos urbanos de Nostián. Nunha charla con medios dixitais (adaptada, como todo o programa, en función das diferentes idades) os alumnos infórmanse das particularidades do plan de residuos da nosa cidade e, a continuación, aínda no propio colexio, realizan un taller formativo. Por último, coñecen a planta de residuos de Nostián a través dunha visita guiada.

Visita de escolares á Planta de Nostián



En canto ao Plan Rúa, presentáronse os resultados obtidos ata esa data nos traballos realizados nos diferentes barrios. Estas actuacións integrais de mellora dos barrios implican máis de trinta servizos municipais que realizan labores de mantemento de espazos públicos da nosa cidade.



Celebración do Día Mundial dos Humidais (2 de febreiro de 2015)

O programa de Educación Ambiental da Área de Medio do Concello da Coruña conmemorou esta xornada achegando o coñecemento sobre estes valiosos ecosistemas aos alumnos do IES Monte das Moas.

O pasado 2 de febreiro celebrouse, como cada ano, o Día Mundial dos Humidais. Ata fai non demasiados anos, estes ecosistemas eran considerados como lugares infectos, perigosos para a saúde pública por abeirar insectos e outras especies animais condutoras de enfermidades. Hoxe sabemos que se contan entre os lugares máis ricos en vida vexetal e animal do planeta, e que o futuro de millóns de persoas en todo o mundo depende da súa conservación e fortalecemento. Este é o motivo que impulsou ás autoridades mundiais en conservación a dedicar un día ao ano a reflexionar acerca da súa importancia crucial.

Encoro de Cecebre



Os participantes nesta actividade tiveron oportunidade de recoñecer a importancia e os valores destes ecosistemas a través dunha charla apoiada nun audiovisual. Nela destacáronse os valores naturais do Encoro de Cecebre e a ría do Burgo, destacados exemplos duns espazos naturais moi próximos aos cidadáns e que merecen ser preservados.

Estas son algunhas das claves que se transmitiron aos rapaces e rapazas do IES Monte das Moas

Que é un humidal?

O Convenio Internacional de Ramsar, que vela pola protección das humidais a nivel global, conta cunha longa definición para describir estes ecosistemas. Simplificando ao máximo, poderíamos dicir que agrupa tanto unha baía mariña de pouca profundidade coma un encoro construído polos humanos. Polo tanto, hai moitos tipos de humidais diferentes: esteiros, beiras de ríos, acuíferos subterráneos, lagos e lagoas, marismas, pantanos...



Lagoa de Eirís



VISITAS Á PLANTA DE TRATAMENTO DE RESIDUOS DE NOSTIÁN

As visitas de cidadáns á Planta de Nostián iniciáronse en febreiro

O programa de Educación Ambiental da Área de Medio Ambiente do Concello da Coruña, que neste ano 2015 se ampliou a outros colectivos a parte dos estudantes de educación primaria e secundaria, celebrou o pasado 4 de febreiro a primeira visita á Planta de Nostián

Acompañados do responsable de Produción da Planta e de dúas técnicas da empresa concesionaria do servizo de visitas, este grupo de estudantes dun Máster da UDC puideron coñecer o funcionamento interno da instalación que se ocupa de xestionar os residuos da Coruña e o Consorcio das Mariñas (Abegondo, Bergondo, Betanzos, Culleredo, Carral, Cambre, Oleiros e Sada).

O plan de tratamento de residuos do Concello da Coruña ten unha pedra angular, a separación selectiva nos fogares. Esta é a primeira clave da complexa engrenaxe que supón, nas modernas sociedades desenvolvidas, a xestión dos residuos.

No plan coruñés de residuos é fundamental a implicación cidadá. Se non se produce unha separación axeitada e, posteriormente, o depósito dos residuos nos colectores específicos, a eficiencia do sistema reséntese. O mesmo acontece co uso axeitado dos colectores de vidro, de papel e cartón e dos Puntos Limpos (cada vez máis utilizados pola cidadanía, permitindo así recuperar residuos de grande interese pola súa perigosidade).

Tamén puideron ver as balas de distintos materiais que, dende a Planta, se remiten aos xestores autorizados para a fabricación de novos produtos con base nos anteriores, despois do seu uso e depósito como residuo.



Contedor de
inorgánicos



Contedor de
orgánicos



PROGRAMA O AIRE QUE NOS RODEA

O CEIP Alborada, primeiro centro escolar que este ano completa o programa municipal de educación ambiental sobre o Aire dirixido a colexios do municipio

A Área de Medio Ambiente do Concello da Coruña conta na súa planificación de educación ambiental con tres actividades para os grupos que seleccionan este programa

Estación de Calidade do Aire do Parque de Santa Margarita




Os alumnos e alumnas do CEIP Alborada completaron o pasado 20 de febreiro, a terceira actividade dentro do Programa de Educación Ambiental “O Aire que nos Rodea”.

A primeira das actividades deste programa iníciase na propia aula do centro escolar, onde, mediante unha charla introductoria, abórdanse temas de candente actualidade: o quentamento global, a capa de ozono, a chuvia ácida ou o ruído, como delatores da contaminación acústica e atmosférica, que son problemas crecentes nas sociedades desenvolvidas e a niveis planetarios.

Na mesma xornada, os participantes protagonizan unha visita guiada polo Parque de Santa Margarita, no que coñecen varios indicadores da saúde ambiental do noso aire urbano: obsérvanse liques (que actúan como bioindicadores da calidade do aire) e tómanse medicións de sons en distintas partes do Parque. Por último, visítase cos escolares a Caseta de Vixilancia da Calidade do Aire do Concello, situada na zona alta do Pazo da Ópera, onde observan os valores de diferentes parámetros relacionados coa contaminación do aire.

O programa péchase de novo na aula coa análise dos datos obtidos. A partir deles, e con referencia ao mapa municipal de ruídos, realízase unha comparativa entre ambientes urbanos industrializados e parques ou xardíns. Cos datos rexistrados na *Caseta do Aire*, os alumnos poden comparar as cifras permitidas pola lexislación coas tomadas na xornada de visita.



O Concello celebrou o Día Internacional dos Bosques con actividades para escolares e plantacións de árbores preto dos colexios.

O Día Internacional dos Bosques é o 21 de marzo.

A data, coincidente coa chegada da primavera, foi elixida pola FAO para celebrar a importancia da conservación dos bosques para a humanidade.

Este ano, por ser sábado, as actividades organizadas polo Concello da Coruña con motivo desta data, celebráronse o día 19 e participaron alumnos e alumnas dos colexios Emilia Pardo Bazán e María Pita, e do IES Adormideras.

As actividades consistiron nunha charla que invitaba aos escolares a reflexionar sobre este tema. Fixeron fincapé tanto no valor a escala global dos bosques, como na súa importancia a nivel local como reguladores de infinidade de procesos ecolóxicos de capital importancia. Incluíron unha invitación a coñecer algúns dos bosques autóctonos máis destacados do ámbito da cidade, como lugares que brindan un espexemento moi diferente e especial.

Plantación de árbores

Acompañando a cada charla proxectouse tamén un vídeo creado pola propia FAO con motivo desta celebración, e a continuación procedeuse, por parte de técnicos municipais en compañía dos propios nenos e nenas, á plantación de varios exemplares de árbores nas proximidades dos centros escolares.

Plantación do CEIP María Pita

 **DESAFÍO HORA DO PLANETA**

A Coruña foi este ano unha das dúas finalistas na elección da candidatura española para o título mundial do "Desafío das Cidades da Hora do Planeta 2015" de WWF.

A elixida foi Córdoba, e a outra finalista Murcia. No Desafío, que gañou Seúl, participaron 163 cidades de 16 países. Todas foron avaliadas polo seu nivel de ambición e a innovación para o desenvolvemento baixo en carbono en relación ás circunstancias locais.

Máis información en <http://www.welovecities.org/city/a-corruna/>

A Coruña foi seleccionada polos seus proxectos para reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro na cidade ata un 22% para o ano 2020. As emisións da administración municipal trataranse de diminuír ata o 40%. Tamén por desenvolver plataformas intelixentes para mellorar o transporte público e medidas para implantar novos sistemas de xestión de enerxía, optimización do uso da auga e aforro do consumo de gas nos edificios municipais, comerciais e residenciais.

O día 22 de marzo o Concello celebrou o Día Mundial da Auga cos veciños do barrio do Campanario- O Portiño

A celebración do Día Mundial da Auga na xornada do 22 de marzo (cada ano) está promovida pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas.

A auga é un ben común de primeira necesidade. É clave para a supervivencia pero tamén no desenvolvemento económico do conxunto dunha nación. A miúdo, naqueles lugares cun réxime de precipitacións abundante e prolongado nos meses, a poboación acostuma a crer que a auga é un recurso extensivo e mesmo inesgotable, ou que a períodos con poucas precipitacións seguirán sempre outros de chuvias compensatorias.

Este criterio equivocado non é alleo a zonas como Galicia onde niveis pluviométricos elevados contribuíron a fortalecer a crenza. Non obstante, os científicos (climatólogos, hidrólogos, xeólogos, etc.) non deixan de alertarnos, indicando que nós tampouco somos alleos á problemática xeral da auga no Planeta. A auga nas sociedades desenvolvidas e industrializadas é un ben que transcende ao uso doméstico, alcanzando niveis moi elevados (e paralelos) ao poder económico das diferentes rexións. Por esa razón, os sistemas que optimizan o consumo, que consideran o caudal ecolóxico dos ecosistemas acuáticos, ou que recuperan ambientalmente as augas residuais, son un indicador do desenvolvemento das comunidades humanas.

Estas son as bases que fundamentan o programa municipal de A Ruta da Auga, seleccionado por moitos centros escolares para completar o curriculum educativo regulado dos seus alumnos. O programa consta dunha charla e un taller na aula e complétase cunha visita ao río Mero, ao encoro de Cecebre ou á planta potabilizadora de A Telva. Por primeira vez inclúese a Depuradora de Augas Residuais de Bens. A EDAR de Bens é unha instalación exemplar e referencia tecnolóxica do sector, logrando unha devolución ao mar das augas que chegan dende as redes de sumidoiros da Coruña e catro municipios da área metropolitana en condicións óptimas para ingresar de novo no ciclo sistémico da auga. Tamén a EDAR é exemplar pola cohesión política que supuxo.

Os nenos do barrio do Campanario, en O Portiño

O barrio do Portiño é un dos que máis padeceu e padece a situación de crise económica. Por esa razón, dende o Concello destínanse recursos especiais para favorecer actividades que teñan a súa base no apoio educativo dos nenos da zona. Un exemplo máis son as actividades que nesta xornada se desenvolveron no seu centro social. En dous grupos, o dos máis pequenos entre os catro e ata os sete anos, e o dos maiores, entre os oito e os doce, realizaron dúas actividades respectivamente destinadas a coñecer como funciona o ciclo natural e o ciclo urbano da auga.

Para os primeiros, o protagonista foi un cómic presentado a través dun audiovisual seguido dun taller de artes plásticas. Os maiores tamén tiveron o seu audiovisual acerca do ciclo urbano da auga. Neste caso, o taller consistiu en reproducir unha potabilizadora. Ambas actividades tiveron moi boa acollida.



O Concello celebrou a Hora do Planeta con actividades e apagando durante unha hora a iluminación de María Pita, a Torre de Hércules e outros monumentos da cidade

O Concello da Coruña sumouse de novo este ano 2015 á iniciativa internacional A Hora del Planeta promovida por Adena WWF(wwf.es), unha das maiores organizacións do mundo no terreo da conservación ambiental. As actividades tiveron lugar o pasado 28 de marzo dende as 20:30 ás 21:30 h.

Os hostaleiros da praza de María Pita e a Agrupación Astronómica Coruñesa ío colaboraron no evento. A carreira popular coñecida como a “Nocturna da Torre” tamén se sumou aos actos.

A Hora do Planeta é a maior campaña global de mobilización e loita contra o cambio climático. Esta iniciativa naceu en Sidney en 2007 e dende entón logrou a participación de máis de 7.000 cidades e pobos de 160 países, miles de empresas, centros educativos, entidades e particulares que suman a súa voz para demostrar que un futuro baseado nas enerxías limpas é posible. Este ano é especialmente importante na loita contra o cambio climático porque o próximo mes de decembro, en París, os gobernos de todo o mundo teñen o reto de aprobar un acordo a favor do clima.

Na Praza de María Pita organizáronse para conmemorar esta data as seguintes actividades, en coincidencia co apagamento da iluminación:

- . Instalación dun conxunto de velas que formaron os díxitos “60 + ” (sesenta minutos) ao pé do Pazo de María Pita. Este símbolo é o que elixiu Adena WWF para representar en todo o mundo esta hora de reflexión acerca do cambio climático.

- . Un dúo musical de corda amenizou aos cidadáns que se achegaron ata a zona para realizar o mosaico.

- . Colocación de paneis con información acerca da iniciativa.

- . Reparto de información aos cidadáns sobre o acto.

- . Observación de estrelas.

- . Xogos e talleres para nenos e nenas.



A “Nocturna da Torre”

A carreira popular da Torre contou este ano ano con miles de participantes. O éxito da convocatoria animou aos organizadores a unirse, como valor engadido á competición, aos actos de A Hora do Planeta.




www.coruna.es/medioambiente

séguenos en:



CO2Coruña



@CO2Coruña

@coruna_sostible

@airecoruna

Para máis información sobre os
Programas de Educación Ambiental

981 903 834
educacionambientalcoruna@gmail.com



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
MEDIO AMBIENTE

